



AULA MUNICIPAL DE MÚSICA 2017-18

O proxecto da Aula Municipal de Música inclúe clases de Solfexo, Piano, Canto e Música Activa dirixidas tanto a alumnado adulto como ao infantil/xuvenil. Cada modalidade ten unha duración de unha hora semanal, sendo posible a inscrición conxunta. Prevese que o curso se desenvolva tódolos luns, martes e xoves, dende o 4 setembro de 2017 ao 28 de xuño de 2017 (10 meses), na Casa da Música Manuel Omil.

A actividade rexeráse polas seguintes **NORMAS DE FUNCIONAMENTO E INSCRICIÓN**:

- O período de inscrición estenderase ata o 31 de xullo de 2017.
- A actividade comezará o 4 de setembro de 2017 e rematará o 28 de xuño de 2018.
- O alumnado poderá inscribirse en varias modalidades conxuntamente, excepto en Música activa, que é única.
- Os criterios de admisión serán os seguintes:
 - Ter asistido a Aula municipal de música en anos anteriores, nas modalidades nas que se inscribe.
 - Estar empadroadado/a no concello de Bueu.
 - Nivel de coñecementos musicais a valorar pola profesora da Aula (deberá documentarse).
- Unha vez aplicados os criterios de admisión, de haber prazas vacantes, asignaranse mediante sorteo público.
- A actividade organizarase en función dos seguintes niveis:
 - ADULTOS (a partir de 16 anos): NIVEL ÚNICO
 - INFANTIL/XUVENIL (de 4 a 15 anos): NIVEIS BÁSICO, INTERMEDIO e AVANZADO.
- En total ofértanse 68 prazas, distribuídas do seguinte xeito:

Hora	Luns	Martes	Xoves
16:30/17:30	PIANO ADULTOS PRAZAS: 4	PIANO INFANTIL/XUVENIL 1º PRAZAS: 4	MÚSICA ACTIVA PRAZAS: 10
17:30/18:30	CANTO 1º PRAZAS: 4	PIANO INFANTIL/XUVENIL 2º PRAZAS: 4	SOLFEXO INFANTIL/XUVENIL 1º PRAZAS: 10
18:30/19:30	CANTO 2º PRAZAS: 4	PIANO INFANTIL/XUVENIL 3º PRAZAS: 4	SOLFEXO INFANTIL/XUVENIL 2º PRAZAS: 10
19:30/20.30	CANTO 3º PRAZAS: 4		SOLFEXO ADULTOS PRAZAS: 10

- A inscrición farase efectiva co pagamento do correspondente prezo público establecido para a actividade. O pagamento farase unha vez recibida por parte do Concello a confirmación da admisión no curso. O prazo de pagamento rematará o 31 de agosto de 2017.